

1. ABAU

1.10. Matrícula

1º SOLICITAR O TÍTULO DE BACHARELATO (na secretaría do insti).

- Cumplimentar a instancia (un papeliño que se vos vai dar)
- Pago de taxas: ou na Oficina Virtual Tributaria ou nunha das entidades colaboradoras mediante impreso de autoliquidación.
 - Tarifa normal: 54€
 - Familia numerosa xeral 27,03€, especial será gratuíta.
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia compulsada carné de familia numerosa ou xustificante de exención de pago de taxas.

1. ABAU

1.10. Matrícula

2º FACER A MATRÍCULA DA ABAU (iníciase na secretaría do insti e complétase en NERTA)

- Complimentar o impreso para a matrícula e asinalo (fixádevos en que sexa o específico para o bacharelato).
- Pagar taxas en NERTA ou descargar o impreso de abono das taxas e pagar na entidade bancaria.
 - Normal: 63,67€
 - Familia numerosa xeral: 31,84€
 - Familia numerosa especial: gratuita.
- Aportar fotocopia DNI
- Aportar fotocopia compulsada carné familia numerosa ou documentación acreditativa de exención de taxas.

1. ABAU

1.11. NERTA



Todo o proceso de inscrición na ABAU e na UNIVERSIDADE realízase a través da aplicación telemática **NERTA**.

Hai que darse de alta solicitando unha conta e aportando datos persoais. Despois, recibides unha clave para poder entrar na aplicación.

→ Unha vez vos matriculedes no insti na ABAU, chegaravos ao email unha mensaxe coas instrucións para activar a vosa conta nerta. Achegarásevos un pin e un enlace ao que acceder.

1. ABAU

1.12. Vídeos explicativos

[VÍDEO SOBRE A ABAU](#)

[VÍDEO ACTIVAR CONTA NERTA](#)

[VÍDEO MATRÍCULA ABAU EN NERTA](#)

*En momentos de pánico, falade entre vós e
revisade os vídeos e tutoriais para
asegurar as ideas*



1. ABAU

1.13. E ao rematar?

Ao rematar todo o proceso recibiredes no voso correo o seguinte documento, necesario para a inscrición na universidade.



TARXETAS DE CUALIFICACIÓN Provisionais / Definitivas



IMPORTANTES PARA A INSCRICIÓN NAS UNIVERSIDADES

As tarxetas de Cualificación serán Provisionais ata que finalice o proceso de revisión.

O estudantado recibirá **as tarxetas de Cualificación Definitivas** cando finalice o proceso de revisión.

2. UNIVERSIDADES DE GALICIA

Universidade de Vigo

- Campus de Vigo
- Campus de Ourense
- Campus de Pontevedra

Universidade de Santiago de Compostela

- Campus de Santiago
- Campus de Lugo

Universidade de A Coruña

- Campus de A Coruña
- Campus de Ferrol

*Se clickades en cada universidade,
accededes aos estudos de Grao que ofertan*


2. UNIVERSIDADES DE GALICIA

Prazos de preinscripción e matrícula (**pendente**).

Teredes que estar atentas ao seguinte [enlace](#).

Prezos públicos:

[Decreto para o curso académico 2023/2024](#)



Se consultades cada universidade, apareceravos detallado o prezo por materia, matrícula, taxas...

3. UNIVERSIDADES DE ESPAÑA

Qué estudiar y dónde estudiar é un buscador de estudos oficiais moi útil para coñecer os graos nas diferentes universidades españolas. Inclúe información como a nota de corte e o prezo por crédito.

Por outra banda, na seguinte web, tamén atopamos outro listado coas diferentes universidades (públicas e privadas) e conexión directa coas súas respectivas páxinas web.

OLLO! Antes de escoller unha titulación nunha Universidade privada, comprobade que sexa unha titulación oficial a efectos administrativos.

3. UNIVERSIDADES DE ESPAÑA

Para a inscrición e matrícula, os prazos poden variar entre Comunidades Autónomas, co que é importante estar atentos/as ás Universidades nas que nos queremos matricular.

No seguinte [enlace](#), recóllese a información das diferentes universidades: prazos de preinscrición e matrícula, notas de corte...

Por outra banda, aquí tendes os contactos dos [servizos de información de preinscrición universitaria](#)

4. OUTRAS CUESTIÓN S SOBRE OS GRAOS

E se comezo unha carreira e quero cambiar a outra?

- Non frustrarse, é algo que pode pasar!
- **Dúas opcións:** *(non son excluíntes, co que probaríamos coas dúas)*
 - Ter 30 créditos aprobados (*é aprox. a metade*) para poder acceder polas prazas reservadas para esta circunstancia. O criterio varía en función da universidade, pero terase en conta afinidade nas carreiras, créditos aprobados, expediente académico...
 - Repetir a ABAU e/ou acceder pola matrícula ordinaria.
- Se cambiamos cara unha carreira parecida, pode que teñamos dereito a certas convalidacións.